

**Nova estrutura organizativa de cara ao Plan de Xestión 2023**

## **EROSKI RENOVA O SEU CONSELLO DE DIRECCIÓN**

- **O órgano de Dirección, liderado pola CEO de EROSKI, Rosa Carabel, renovouse parcialmente con dúas novas direccións, Hipermercados e Supermercados**

**Elorrio, 22 setembro do 2022.-** [EROSKI](#) renovou parcialmente o seu Consello de Dirección para a súa adecuación aos obxectivos e retos do seu Plan de Xestión 2023.

A CEO de EROSKI, Rosa Carabel, dirixe o novo Consello de Dirección, que está composto por nove direccións de área, dúas delas novas. Trátase concretamente da dirección de Supermercados e Procesos, da que se fai cargo Alberto Madariaga, e da dirección de Hipermercados e *Online*, liderada por Iñigo Arias; competencias antes integradas na dirección de Rede Comercial. Ademais, a dirección de Innovación e Tecnoloxías da Información (TIC), á fronte da que continúa Enrique Monzonis, incorpora tamén a responsabilidade sobre a área de Loxística.

Súmanse á composición deste Consello de Dirección o director Corporativo, Javier Amezaga; a directora comercial, Beatriz Santos; o director de Desenvolvemento, Javier España; a directora de Márketing Estratéxico e Cliente, Eva Ugarte; e o director Social, Iñigo Eizaguirre; xa membros do anterior.

A nova estrutura organizativa complétase coa dirección Económico-Financeira, que pasa a estar liderada por Josu Mugarra tras a xubilación do seu predecesor.

### **CONSELLO DE DIRECCIÓN DE EROSKI**



**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)